

Recomendación dirixida ao Concello de Rois para que se lle comunique á reclamante a iniciación ou non do procedemento e que se a reclamante é considerada como parte interesada, se lle notifique o acordo de iniciación.

Expediente: N.9.Q/4403/22

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- No seu escrito, a reclamante, esencialmente, fai constar:

Que formula QUEJA ante el VALEDOR DO POBO por la inacción del Ayuntamiento de Rois ante las continuas solicitudes de canalización de una fuente pública que ocasiona frecuentes riadas en el núcleo de Salgueiros, Aguasantas y ante la paralización de un expediente de denuncia de obras ilegales en el mismo núcleo. Todo ello en base a los siguientes ANTECEDENTES

PRIMERO.- SOLICITUD DE CANALIZACIÓN DE FUENTE PÚBLICA

Doña XXX lleva denunciando desde el año 2003 la existencia de una fuente pública (Fonte Viqueira) con una canalización deficiente de las aguas pluviales cuyo desbordamiento ocasiona frecuentes avenidas de agua que, periódicamente, ocasionan daños a su vivienda y al asfaltado de la pista por la que discurre el agua. La primera solicitud data del año 2003, reiterándose en numerosas ocasiones las mismas, hasta el año 2021. En todos estos años el Ayuntamiento de Rois ha hecho caso omiso a las solicitudes formuladas a través del registro municipal y, más allá de actuaciones puntuales de limpieza y de pequeñas reparaciones ineficientes, el problema de las avenidas de agua persiste, incluso de forma agravada.

Ante la nula voluntad del Ayuntamiento de Rois de ejecutar una canalización que cumpla con su finalidad de evacuar las aguas pluviales provenientes de la fuente, doña XXX puso la

situación en conocimiento de diversos medios de comunicación que se hicieron eco de la noticia.

La noticia fue publicada, entre otros medios, en La Voz de Galicia (12 de marzo de 2022)

También se difundió la denuncia en la Televisión de Galicia el día 29 de marzo de 2022. En el vídeo que se adjunta en el siguiente link se puede apreciar, a partir del primer minuto, la gravedad de la situación y el caudal e intensidad de las avenidas de agua que provoca la ineficiente canalización de las aguas provenientes de la Fonte Viqueira

Las denuncias efectuadas ante los medios de comunicación tenían como único objetivo dar visibilidad a la situación de desamparado que soportan los vecinos del núcleo de Salgueiros afectados por las riadas y que el Ayuntamiento, al fin, ejecutase una canalización de las aguas pluviales provenientes de la fuente que cumpliese con su cometido, eliminando el problema de desbordamientos existente.

Como respuesta a la denuncia realizada en los medios, el Ayuntamiento de Rois dictó una resolución culpabilizando a doña XXX de las obstrucciones de la canalización: "la inspección ocular y reportaje fotográfico correspondiente revelan que el caño subterráneo de recogida de aguas pluviales es de una fuente próxima, que el Ayuntamiento canalizó con ocasión de la obra de pavimentación de 2016 a lo largo de la calle que discurre por el frente de la edificación con la referencia catastral XXX, de la que aparece como titular doña XXX, está atascada con un tubo transversal de PVC que lo atraviesa perpendicularmente e impide la circulación de agua por él. Ese tubo de PVC procede de la edificación de la señora XXX"

Como se sostuvo en las alegaciones presentadas a dicha resolución, que fueron posteriormente desestimadas por el Ayuntamiento de Rois, no tiene ningún sentido que se acuse a la principal afectada por los desbordamientos de ser la responsable de los mismos, culpabilizándola de la obstrucción de un caño subterráneo de recogida de las aguas de una fuente próxima que no existe como tal puesto que, como hemos dicho, la recogida de las aguas de la fuente siguen sin estar efectivamente canalizadas.

El Ayuntamiento zanjó los problemas de la canalización ineficiente de las aguas de Fonte Viqueira con una resolución en la que culpabiliza a doña XXX de obstruir el caño con un tubo de PVC. No sólo no cumple con su deber de dar respuesta a las demandas vecinales y resolver los problemas de inundaciones en el lugar de Salgueiros, sino que pretende imputar a doña XXX los gastos de reparación y retirada de un tubo que no colocó ella.

La persistencia del problema tampoco obedece a una indisponibilidad de recursos técnicos o económicos del Ayuntamiento de Rois puesto que, recientemente, se realizó la canalización

de otra fuente en el núcleo de Salgueiros, ubicada en terrenos privados, para la que ningún vecino solicitó su canalización.

SEGUNDO.- DENUNCIA URBANÍSTICA SIN INCOACIÓN DE EXPEDIENTE

El 30 de marzo de 2022 doña XXX presentó en el Ayuntamiento de Rois una denuncia urbanística en relación con la ejecución de unas obras ilegales de ampliación de una explotación ganadera en el lugar de Salgueiros (Aguasantas) así como las obras realizadas sin autorización municipal en el sistema viario local adyacente a la granja.

Transcurridos casi cuatro meses desde la fecha de registro de la denuncia urbanística, el Ayuntamiento de Rois no ha incoado aún ningún tipo de expediente en relación con la denuncia formulada. Como se puede comprobar, las obras, amparadas en la licencia de obra mayor 5/2020, se ejecutaron bajo una línea de alta tensión, circunstancia prohibida por el Real Decreto 1955/2000 por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica y el Real Decreto 223/2008 por el que se aprueban el Reglamento sobre condiciones técnicas y garantías de seguridad en líneas eléctricas de alta tensión y sus instrucciones técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09. Además, no concurren los requisitos previstos por la Disposición Transitoria Cuarta de la ley 2/2016 del suelo de Galicia para considerar las obras una ampliación de la explotación ganadera, por lo que habrían de aplicarse los requisitos para una nueva construcción ganadera en suelo rústico, incluido el cumplimiento de las distancias mínimas a la vivienda más próxima (situada a menos de 100 metros de la explotación). La ampliación se está realizando a una distancia de la vivienda de doña XXX muy inferior a los 100 metros previstos legalmente, con los consiguientes perjuicios para ella.

Por todo lo expuesto, SOLICITO tenga por presentado este ESCRITO DE QUEJA, y dándole curso, se realicen los trámites oportunos, recabando del AYUNTAMIENTO DE ROIS toda la información necesaria e instándole a que:

- Realice las obras de canalización necesarias para solucionar los persistentes problemas de avenidas de aguas provocados por la deficiente canalización de las aguas pluviales provenientes de la Fonte Viqueira.

- Resuelva la denuncia urbanística presentada por doña XXX el 30 de marzo de 2022 en la que se solicitaba la nulidad de la licencia de obra mayor 5/2020 del Ayuntamiento de Rois para la ampliación de una explotación ganadera en el lugar de Salgueiros (Aguasantas) y la reposición de la legalidad del camino público en el que se ejecutaron obras sin ningún tipo de licencia.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello que xa nolo remitiu e no que, esencialmente, se pon de manifesto o seguinte:

Enviamos copia das actuacións realizadas polo Concello de Rois, ao tempo que informamos que está pendente de resolver recurso de reposición que será resolto en breve.

Das referidas actuacións, cabe destacar as seguintes:

1º.- Resolución da Alcaldía (Decreto nº 57/2022) de data 21 de abril de 2022, na que se resolve:

Primeiro.- Como medida cautelar e para impedir que se volva producir o entullamento do cano municipal do que falamos, requerir a Dª XXX para que se absteña de volver conectar a el ningunha tubería procedente das súas edificacións, coa a advertencia de que noutros caso se exercitrán contra ela as accións que en dereito procedan.

Segundo. Que os servizos técnicos municipais procedan a valorar os gastos que para a facenda municipal significou a reparación da canalización pública da que falamos coa finalidade de repercutirla á Sra. XXX.

Terceiro. Con posterioridade, darlle audiencia no expediente á antedita interesada para que no prazo de dez días poida alegar o que lle conveña aos dereitos e intereses lexítimos.

2º.- Escrito de alegacións de data 9 de maio de 2022, presentado por Dª XXXX contra a resolución referida no punto anterior.

3º.- Resolución da Alcaldía nº 88/2022 de data 20 de xuño de 2022, na que se resolve:

1º)- Estimar en parte as alegacións da Sra. XXX para considerar como parte interesada neste expediente á súa nai Dª XXX á que tamén se lle notificarán as resolucións que se diten; e desestimar as anteditas alegacións en todo o demais.

2º) Que os servizos técnicos municipais procedan a valorar os custos das obras de reparación da canalización pública para os efectos de tramitar o correspondente procedemento de reembolso.

4º.- Recurso de reposición presentado en data 5 de xullo de 2022, por Dª XXX contra a resolución nº 88/2022, referida no punto anterior.

5º.- Dado que na información remitida polo concello se pon de manifesto que o recurso de reposición, presentado pola reclamante en data 5 de xullo de 2022, está pendente de resolver e será resolto en breve, a responsable da área de corporacións locais e servizos municipais, púxose en contacto telefónico con ese concello en varias ocasións nas que lle responderon que ían enviar a resolución de dito recurso, se ben a data de hoxe non recibimos resolución algunha.

Polo exposto, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Na queixa presentada pola reclamante, esta fai referencia a dúas cuestións:

1º.- Solicitud de canalización de fonte pública.

2º.- Denuncia urbanística sen incoación de expediente

SEGUNDA.- Respecto da primeira cuestión, analizado o escrito de queixa presentado pola reclamante e a información remitida por ese concello, dedúcese que:

1º.- Segundo se desprende do punto segundo da Resolución da Alcaldía (Decreto nº 57/2022) de data 21 de abril de 2022, a canalización foi reparada polo concello.

2º.- Con data 9 de maio de 2022, preséntase escrito de alegacións contra a resolución referida no punto anterior.

3º.- Por Resolución da Alcaldía nº 88/2022 de data 20 de xuño de 2022, estímense en parte as alegacións presentadas para considerar como parte interesada neste expediente á nai da reclamante, desestimando as alegacións en todo o demais.

4º.- Contra a Resolución da Alcaldía nº 88/2022, referida no punto anterior, a reclamante presentou recurso de reposición.

TERCEIRA.- Respecto da segunda cuestión plantexada: denuncia urbanística sen incoación de expediente, cómpre ter en conta o seguinte:

1º.-A denuncia é un acto dun particular que pon en coñecemento da Administración unha serie de feitos que poden constituír unha ilegalidade e, consecuentemente, dar lugar á iniciación dun determinado procedemento administrativo, pero este non se inicia a instancia de dito interesado, que non ostenta tal condición, senón que é incoado de oficio pola Administración sendo decisión do órgano administrativo, a que produce dita actuación, á marxe de que a mesma se teña adoitado como consecuencia das manifestacións do denunciante.

Así queda plasmado no art. 62.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) que define a denuncia como:

O acto polo que calquera persoa, en cumprimento ou non dunha obriga legal, pon en coñecemento dun órgano administrativo a existencia dun determinado feito que puidera xustificar a iniciación de oficio dun procedemento administrativo.

A denuncia dun terceiro non impón á Administración a obriga de incoar expediente a instancia de parte, pero pode provocar o impulso da súa actividade investigadora, da que pode deducirse a súa iniciación cando esta considere que existen indicios da comisión de acto ilícito, motivo polo cal as figuras de interesado e denunciante non son iguais nin, consecuentemente, gozan dos mesmos dereitos no seo do procedemento administrativo, como así se recolle expresamente no artigo 62.5 da LPACAP que determina que *a presentación dunha denuncia non confire, por si soa, a condición de interesado no procedemento.*

2º.- Tradicionalmente, ao denunciante, en principio, só se lle recoñece o dereito a ser informado da iniciación ou non do procedemento.

Así, o artigo 64.1 LPACAP, referido aos procedementos de natureza sancionadora, establece que: *asimesmo, a incoación se comunicará ao denunciante cando as normas reguladoras do procedemento así o prevexan,* polo que dita figura non goza do ámbito máis extenso de dereitos do que disfrutaban os interesados e recollidos no art. 53 LPACAP, e aos que, en todo caso, existe a obriga de notificarlles tódalas resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses (art. 40.1 LPACAP).

3º.- Así pois, o denunciante, polo mero feito de denunciar, non se converte per se en parte interesada. De ahí que a xurisprudencia non recoñeza, por regra xeral, ao denunciante a condición de interesado.

Porén, ao non ser, con carácter xeral o denunciante parte no procedemento, cabe a posibilidade de que dito denunciante reúna, ademais, a condición de interesado, xa que ambas condicións son perfectamente compatibles entre sí. Neste caso, o denunciante estará lexitimado para intervir nas distintas fases do procedemento como interesado administrativo, así como para recurrir a resolución sancionadora tanto en vía administrativa como xudicial, previo recoñecemento dentro da tramitación do expediente administrativo da súa condición de interesado no mesmo.

4º.- Se o denunciante solicita no escrito de denuncia a iniciación do procedemento ou invoca un prexuízo para o patrimonio da Administración, deberáselle comunicar a iniciación ou non do procedemento, debendo ser dita comunicación motivada .

5º.- Cando se trate dun denunciante que ademais teña a condición de interesado no procedemento se lle deberá notificar o acordo de iniciación.

6º.- A denuncia presentada pola reclamante é pola execución dunhas obras ilegais de ampliación dunha explotación gandeira, así como as obras realizadas sen autorización municipal no sistema viario local, adxacente, solicitando:

- Que se declare a nulidade da licenza de obra maior 5/2020 para a ampliación da referida explotación gandeira e, en consecuencia se ordene a reposición da legalidade da ampliación construída e, á súa vez, a reposición da legalidade do camiño público no que se executaron obras sen ningún tipo de licenza.
- Que se lle considere como parte interesada dentro dos expedientes que se tramiten no futuro en relación coa actividade ampliada e o camiño público alterado.

Por todo o exposto, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo cómpre facer a ese Concello de Rois a seguinte

RECOMENDACIÓN

Que se lle comunique á reclamante a iniciación ou non do procedemento, debendo ser dita comunicación motivada .

Que se a reclamante é considerada como parte interesada no procedemento, se lle notifique o acordo de iniciación.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)